

- 1 FEB. 2012

O pasado <sup>SAL. Nº 27</sup> ~~29 de decembro de 2011~~ aprobouse no pleno do Consello Social o Orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2012 que, con respecto o do exercicio 2011, presenta nas súas normas de desenvolvemento as seguintes novidades:

## **TESES DOUTORAMENTO**

**ARTIGO 9-** a) 230.02 "tese de doutoramento", establece un límite máximo de 1.300 € de gasto por tese de doutoramento con cargo á partida centralizada. O devandito límite só poderá incrementarse, en caso de teses con mención europea ou internacional, por resolución de autorización da Comisión de Estudos de Posgrao. Neste caso deberá indicarse a aplicación orzamentaria que se fará cargo da ampliación.

## **INVENTARIO E PATRIMONIO**

**ARTIGO 21.** Dos bens mobles inventariables.

*Serán inventariables como regra xeral os bens non funxibles que reunan conxuntamente os requisitos que se indican a continuación:*

- a) *Que se lle calcule una vida útil superior ao ano e non se consuma co uso.*
- b) *Que teñan un custo unitario superior a 400 euros, incluído IVE, gastos de transporte, seguros, canons e accesorios ata a posta en funcionamento, ou se o seu custo inferior comprende elementos secundarios dunha unidade inventariable.*
- c) *Exceptuarase do anterior o mobiliario referente a cadeiras, mesas, armarios ou outro mobiliario semellante, que serán inventariados con independencia do seu valor*

Asimismo, e xa fora do orzamento da Universidade, compre destacar as seguintes novidades:

## **DIETAS DE DEPARTAMENTOS**

O Servizo de Contabilidade comunicou que as aplicacións que conteñan a clasificación económica 23--- deben executarse a nivel de partida. Para os Consellos de Departamento as clasificacións económicas son:

23005 01 PDI Funcionario  
23005 02 PDI Laboral  
23005 03 PAS

## IRPF ESTRAXEIROS

O IRPF a aplicar nos pagamentos aos non residentes e do 24,75%

Por outra banda, e tendo en conta as consultas relativas a tramitación de xustificantes de gasto, que con máis asiduidade se efectuaron no exercicio pasado, paso a facer un resumo das mesmas, recordándovos os trámites a seguir:

- Para poder imputar compras de material no Capítulo 2 dito material debe ser funxible.
- Non se poder facer ADs con cargo a aplicacións de produción científica.
- Para realizar ADs a peche de exercicio débese presentar factura ou albarán asinado, excepto para os de consumo telefónico, auga ou electricidade.
- O software é inventariable cos mesmos condicionamentos que os bens materiais.
- As clasificacións de uso frecuente nos Decanatos son:

111L00 28002	V.A.D.
111L00 2300101	Dietas P.D.I. Funcionario
211E 22901	Axudas Ext. Univ. Acitividades Cultuarais
211E 22802	Axudas Ext. Univ. Conferencias

Vigo, 31 de xaneiro de 2012

**A ADMINISTRADORA DE CENTROS  
CIENCIAS EXPERIMENTAIS**



**María Fariza Novoa**

**SRES/AS ADMINISTRATIVOS/AS DE DEPARTAMENTOS  
SRAS ADMINISTRATIVAS DOS DECANATOS**